

**A DIXITALIZACIÓN DA PRENSA HISTÓRICA GALEGA COMO FONTE DE INFORMACIÓN DE TODO E
PARA TODOS**

NOELIA BASCUAS FERREIRO
Biblioteca de Galicia, Xunta de Galicia

Desde a saída do prelo en 1880 da que se considera a primeira publicación seriada en Galicia, *O Catón compostelano*, ata a actualidade, a nosa prensa non deixou de xerar contidos determinantes para o estudo da historia de Galicia. Os procesos de dixitalización deste tipo de material bibliográfico, que iniciou a Xunta de Galicia xa nos anos 90 do século pasado, foron e son determinantes para achegar esta valiosa fonte de información tanto aos profesionais do ámbito académico como a calquera cidadán. A economía, a vida social, a publicidade, os deportes, as festas populares..., todo o sucedido desde o século XIX nestes e noutros ámbitos queda reflectido neste tipo de publicacións, tan efémeras en ocasións no seu soporte orixinal, pero tan perdurables no seu contido.

O obxectivo desta charla será ofrecer unha aproximación a como foi e continúa a ser o proceso de dixitalización do patrimonio hemerográfico galego impulsado desde a Biblioteca de Galicia. Tamén destacaremos o importante papel de Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia para dar acceso a toda a información que proporciona a prensa histórica galega, sen esquecer que a tecnoloxía non deixa de evolucionar e que a difusión do patrimonio bibliográfico ten que ir adaptándose ás novas demandas dos usuarios para optimizar e enriquecer as súas buscas.